

DSPACE da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

R. Álvarez / X. Xove (2008): “Os adverbios *alá/aló, acá/acó*. Unha perspectiva dialectal”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira: *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 193-224.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Noncommercial** — You may not use this work for commercial purposes.
- **No Derivative Works** — You may not alter, transform, or build upon this work.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

OS ADVERBIOS *ALÁ* / *ALÓ*, *ACÁ* / *ACÓ*. UNHA PERSPECTIVA DIALECTAL

Rosario Álvarez e Xosé Xove

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

Entre os adverbios de lugar que Santamarina denomina «absolutos» (1975: 60), as *Normas* citan as formas da serie en *-í aquí, aí, alí*, da serie en *-á acá, alá* e da serie en *-ó acó, aló* (2003: 173). Todas se empregan no galego estándar, mais, así como sobre a serie en *-í* non existe maior discusión, a inclusión das series en *-á* e *-ó* como formas distintas e ao mesmo nivel suscita algún interrogante, pois o texto normativo por un lado garante a corrección do seu uso pero, polo outro, non clarifica o seu status, de modo que poden entenderse ou ben como unidades con significados diferenciados ou ben como variantes formais opcionais para o falante (tal como acontece con outros adverbios citados nas *Normas*, por ex., *quizais* e *quizabes*). As descrições gramaticais que se sitúan no ámbito normativo oficial abálanse, sen definírense de todo, nesta dobre consideración de formas opcionais por seren variantes xeográficas e de formas con significados distintos entre si e respecto da serie en *-í*¹.

O noso propósito é esculcarmos a presenza e uso das series en *-ó* e en *-á* no galego falado², para establecer ata que punto existen realmente ambas en todas ou algunhas

1 Cf. Álvarez / Monteagudo / Regueira (1986), Álvarez / Xove (2002) e Hermida (2004).

2 Deixamos fóra do foco deste estudo *acolá* (e variantes) por ser forma xeral a todo o territorio galego, aínda que en variedades do galego de Asturias non acaba en *-á*, senón en vogal posterior: *acullú*, coa variante *aculú* desde Tapia ao Eo (Acevedo / Fernández 1932); *acoló* (Muñiz 1978); *acoló* e *acolló* (Babarro 2003, que tamén recolle *acolá~aculá*). *Acolá*, co significado de ‘afastamento’, pode entrar en oposición con *alí* e *alá* / *aló*, pero non afecta ao status particular das formas *alá* / *aló* nin *acá* / *acó*.

variedades dialectais, e en caso afirmativo describir en que posición se atopan dentro dos respectivos sistemas. No estudo contrastamos a interpretación dos datos do *ALGa* cos doutras dúas fontes achegadas por nós, unha base de datos de campo recollidos por medio de enquisa e un corpus de rexistros espontáneos tirados de gravacións.

1. Estado da cuestión

1. A revisión dos estudos «de falas», centrados no galego falado en áreas delimitadas xeograficamente, constata a dobre situación de existencia de só unha das series (ora *-ó*, ora *-á*) e de coexistencia, en distintos graos de frecuencia, de formas en *-á* e en *-ó*.

No val do Suarna (A Fonsagrada), Santamarina (1975) só recolle *acó*, *aló*; estas formas con *-ó* son tamén as únicas recollidas no galego de Asturias por Acevedo / Fernández (1932) entre o Navia e o Eo (*acó* e *aló* / *alló*), e por Muñiz (1978) no Valledor (*acó*, *aló*). Pola contra, no outro extremo, no val de Verín Taboada (1979) menciona nada máis ca formas en *-á*, como tamén Prieto (1958) na súa recolleita de contos populares nas terras de Viana do Bolo (*acá* 8v, *alá* 46v). Esta repartición norte / sur das series en *-ó* / *-á* foi a que percibiu no seu momento Saco (1868: § 243), que na súa división dialectal situaba *acó* e *aló* como propios do galego «setentrional» e *acá*, *alá* do «meridional». Esta primeira impresión ampliana e confírmana os datos compilados por Constantino García (1985), que recolle *acá* en Ramirás, *alá* en Ramirás, Oirós e Montederramo e *aló* en Cariño, Caaveiro e Santa Comba³.

Mais a separación norte / sur non é así de rotunda, particularmente porque na parte «setentrional» se recollen tamén formas en *-á*. Valla como mostra que García (1985) dá só *alá* en Crecente (A Pastoriza); só *acá*, xunto con *alá* e *aló*, en Monterroso; só *acó* en Curtis e Novefontes (Touro), mais xunto con *alá* e *aló*; ou *acá* e *acó* e *alá* e *aló* en Compostela, concello onde Dubert (1999), na súa extensa colección textual, unicamente rexistra a forma *alá*.

Noutros estudos centrados en localidades e zonas da metade norte observamos así mesmo combinacións de *-á* e *-ó*. En Feás (Aranga), Couceiro (1976) cita todas: *acó*, *acá*, *aló* e *alá*. Tamén rexistra todas Regueira (1989) na comarca da Terra Chá, mais *acá* e *alá* como formas secundarias respecto de *acó* e *aló*⁴. Noutra zona máis ao

3 Reflicte a estrañeza da serie en *-ó* para os nados, como Eladio Rodríguez, nas terras do Ribeiro de Avia (pero non ningunha repartición dialectal constatable), o que este escribe sobre *ACÁ* no seu dicionario (1958-61): «En algunas comarcas, y especialmente en las de montaña, se emplea mucho la forma *ACÓ*».

4 En efecto, a existencia na fala das dúas series non implica que estean en pé de igualdade. Nos textos que acompañan o estudo de Couceiro non atopamos exs. de *acá* e só 1 de *alá*, por 5 de *acó* e 15 de *aló*. Nos de Regueira, só 1 de *acá* por 20 de *acó*, e 11 de *alá* por 167 de *aló*.

occidente, na comarca ferrolá, Porto Dapena (1977) sinala que ao norte da liña que vai de San Sadurniño a Valdoviño existen *alá* e *aló*, xunto con *acó*, mentres que ao sur desa liña só vive *alá*. Por baixo desa zona, en Irís (Cabanas), Pérez Sardiña (1996) recolle *acó*, *aló* e *alá*, pero esta con menor presenza ca *aló*.

2. Á vista desta situación de convivencia imponse a pregunta de a que se debe a coexistencia e de como se relacionan entre si *acá* e *acó*, *alá* e *aló*. Unha das respostas camiña pola diferenza de significado. Neste sentido, dado que as series *-í* / *-á* / *-ó* comparten o contido básico de 'localización espacial', os criterios semánticos empregados nas descrições para a diferenciación son os de 'movemento', 'puntualidade ou precisión' e 'distanciamento'.

Unha das liñas arrinca do traballo de Antón Santamarina, que contrapón as formas en *-í* (*aquí*, *alí*) ás formas en *-ó* (*acó*, *aló*) polo trazo etimolóxico, pero pouco vivo, de 'repouso ou movemento intralocal' (*aquí*, *alí*) fronte a 'movemento translocal' (*acó*, *aló*), e polo máis habitual na fala de 'precisión' (*aquí*, *alí*) fronte a 'vaguidade' (*acó*, *aló*) (1975: 60-61). Por outro lado, Santamarina abre tamén, en certo modo, o camiño ao posible contraste semántico entre *-á* e *-ó*, a pesar de que só se ocupa de *acó* e *aló*, de acordo cos datos lingüísticos da zona que estuda. Ao tratar de *acolá* parte inicialmente do seu significado etimolóxico de resposta á pregunta «¿QUÁ? '¿por onde?': *acolá vai* 'por alí va', pero, di o autor, con ausencia do seu correlato de proximidade *acá* (**acá vai* 'por aquí va') (1975: 61). Aínda que logo explica que este significado primitivo se vai perdendo a prol do de 'gran distanciamento' («'allá lejos', 'por alí lejos' y otros similares»), a alusión ao trazo de 'movemento intralocal' como propio das formas en *-á* foi recollido logo por Álvarez / Monteagudo / Regueira, ben que engadindo tamén a distribución dialectal entre *-á* e *-ó*: «En principio, entre a serie en *-ó* e as outras tres hai unha diferenza aspectual: movemento translocal *-ó* / repouso ou movemento intralocal *-í*, *-á*, *acolá*. [...] Isto é o único que permite diferenciar *acó* / *aló* de *acá* / *alá*. Aínda que é aconsellable manter esta oposición, na lingua falada de grande parte de Galicia non existe máis ca unha soa destas series para ámbolos dous empregos. [...] *Acó* e *aló* úsanse para estes dous empregos [de movemento translocal e de repouso ou movemento intralocal] na maior parte de Lugo e da Coruña, mentres que *acá* e *alá* fan o mesmo en case todo Ourense e Pontevedra» (1986: 424). Como xa indicamos na nota 1, outras descrições posteriores seguiron os mesmos pasos⁵.

5 O dicionario da Real Academia Galega (DRAG, 1997) describe os adverbios en *-á* / *-ó* de xeito só aparentemente similar: «*ACÁ adv.* Indica lugar próximo ó que fala, pero de modo máis impreciso ca *aquí*. Obs. Diferénciase de *acó*, en principio, en que este último indica unicamente movemento, fronte ás nocións de movemento / repouso expresadas por *acá*. Na lingua falada, sen embargo, tende a non darse esta oposición, tendo os dous empregos calquera das dúas formas. *Achégate acá. Está acá*», «*ALÓ adv.* 1. Indica lugar afastado do falante, pero de modo máis impreciso ca *alí*. Obs. Diferénciase de

Outra das liñas, con menor eco, parte de diferenzas respecto da ‘localización de distancia’, pero só verbo das unidades que expresan ‘afastamento’ en relación co lugar en que se sitúa o locutor⁶. Porto Dapena entende que no subsistema da comarca ferrolá situado ao sur de liña Valdoviño-San Sadurniño (que só conta con *aquí*, *aí*, *alí* e *alá*) a diferenza entre *alí* e *alá* consiste en que *alá* indica ‘maior afastamento’ ca *alí*. O sistema máis completo do norte e do interior da área estudada, que conta ademais con *acó*, *acólá* e *aló*, para Porto Dapena non fai senón multiplicar os graos de afastamento, no sentido, de menor a maior, *alí* - *alá* - *acólá* - *aló*; en cambio *acó* non se diferencia de *aquí* polo grao de proximidade, senón por aparecer só con verbos de movemento, como «variante combinatoria» de *aquí* (1977: 206-207). Unha interpretación similar, pero máis simplificada por non existir *alá*, é a que propón Muñiz para o outro extremo oriental, con cinco graos de localización: *aíquí* e *acó* - *aí* - *alí* - *acoló* - *aló*, do máis próximo ao máis afastado (1978: 384)⁷.

Pérez Sardiña, que se basea en datos dunha zona contigua ao sur da estudada por Porto Dapena, considera que entre *alá* e *aló* non existe diferenza de afastamento no sentido apuntado por este e dá un exemplo claro en que *alá* se emprega xustamente para indicar maior distancia ca *aló*:

De *alí* para *aquí* é de Irís e para *aló* Cabanas, ata O Penso é Cabanas, para *alá* San... San Martiño, ¿entendiches? (1996: 100).

Pola súa parte, Pérez Sardiña sostén que *alá* é variante de *aló* e que a primeira é forma innovadora procedente da costa que penetrou, como «interferencia dialectal», nun sistema que orixinariamente só contaba con formas en *-ó* (1996: 101-103). Xa con anterioridade Regueira valorara de maneira similar a existencia de *acá* e *alá* na comarca da Terra Chá: aquelas son «variantes» de *acó* e *aló* sen «ningunha diferenza de significación» con estas, e cre posible que *acá* e *alá* «sexan unha innovación, tomadas do galego común, e axudadas pola semellanza coas correspondentes do castelán *acá*, *allá*» (1989: 591).

alá en que este indicaría, en principio, as nocións de movemento e repouso, fronte á de movemento só, expresada por *aló*; na lingua falada tende, sen embargo, a non se dar esta oposición, tendo os dous empregos calquera das dúas formas. *Non creo que chegues hoxe alós*. É dicir, déixase fóra o trazo fundamental (o tipo de movemento), pois de ‘movemento translocal’ (a onde, de onde) (*acó*, *aló*) e ‘movemento intralocal’ (por onde) (*acá*, *alá*) pásase a só ‘movemento’. Por outro lado, a asignación do trazo de ‘repouso’ tamén a *acá*, *alá*, seguindo a Álvarez / Monteagudo / Regueira (cf. o ex. *Alá non se vive mal*), non ten aboamento en Santamarina.

6 Xa Eladio Rodríguez (1958-61) fai referencia á diferenza de afastamento entre *alá* e *aló*, cargando a maior distancia no segundo: «ALÓ.- Como adv. es lo mismo que *alá* en todas sus acepciones, si bien *aló* tómase a veces por máis lejos que *alás*».

7 Celso Muñiz non aclara a relación existente entre as dúas formas de proximidade, *aíquí* (pertencente á serie A en *-í*) e *acó* (pertencente á serie B en *-ó*).

En conclusión, as interpretacións da concorrencia de *-ó* e *-á* nos mesmos lugares seguen quer o fío da diferenza de significado (ben polo tipo de movemento, ben polo grao de distancia en *alá / aló*), quer o da consideración como variantes, poñendo neste caso o acento na penetración das formas en *-á* (particularmente de *alá*) nun territorio que se presume antes exclusivo de *-ó*.

3. Outro aspecto que resalta da revisión feita ata aquí é a posición feble das formas de proximidade *acá* e *acó*. Se se repara nos datos de García (1985) baixo *ACÁ, ACÓ, ALÁ* e *ALÓ* observarase que se mencionan varios lugares nada máis ca de *alá* (Crecente, Oirós, Montederramo) e varios unicamente con *aló* (Cariño, Caaveiro, Santa Comba); por outro lado, Monterroso, Curtis e Novefontes, mencionados baixo *alá* e *aló*, só aparecen baixo *acá* (Monterroso) ou baixo *acó* (Curtis e Novefontes). Noutros lugares repítese esta menor presenza de *acá* e *acó* respecto de *alá* e *aló*: na comarca ferrolá Porto Dapena recolle ou só *alá* –coma nos datos que presenta Dubert (1999) para Santiago– ou *alá* e *aló*, pero só *acó* –igual ca nos datos achegados por Pérez Sardiña (1996), que ademais subliña a precariedade desta forma–. O dicionario de frecuencias de Bugarín (2007), feito sobre textos dos derradeiros 25 anos do século pasado, permite observar con claridade como *acá* e *acó* teñen menor frecuencia de uso en relación con *aquí*, fronte á moito máis alta de *alá* e *aló* verbo de *alí*⁸:

	AQUÍ	ACÁ	ACÓ	ALÍ	ALÁ	ALÓ
Nº DE OCORRENCIAS	3435	38	58	2929	660	527
PORCENTAXE	97,3 %	1,1 %	1,6 %	71,2 %	16,0 %	12,8 %
TOTAL	3531 - 100%			4116 - 100%		

No que segue tentaremos debuxar da maneira máis completa posible a situación dialectal das formas de proximidade *acá / acó* e as súas relacións con *alá / aló*. Examinaremos tamén en que medida hai copresenza territorial de *-á / -ó*, e en que medida esa coexistencia pode deberse a diferenzas de significado ou pode ser froito de innovacións máis ou menos recentes, con extensión da serie en *-á* a áreas de *-ó*, sen correlato inverso. Tentar dar resposta, na medida do posible, a estas preguntas, é previo a calquera indagación sobre os posibles trazos de significado que opoñen as unidades existentes.

8 En Álvarez / Monteagudo / Regueira chamábase a atención sobre a perda de uso de *acá*, e en menor medida de *acó*, en favor de *aquí*; por iso, díciase, *alá* e *aló* teñen un emprego máis frecuente ca *acá* e *acó* (1986: 425-426). Os datos que extraemos da consulta do *TILG*, eliminados os procedentes de maneira máis ou menos fiel da fala, confirman estas tendencias: a) o número de ocorrencias de *acá* e *acó* (14,49%) é moitísimo menor có de *alá* e *aló* (85,51%); b) o número de ocorrencias de *acá* (436, 46,14%) é menor có de *acó* (509, 53,86%), pero *alá* aparece máis veces (3153, 56,56%) ca *aló* (2422, 43,44%).

Partimos en primeiro dos mapas do *ALGa* (datos de 1974-76) e apoiámonos logo en enquisas feitas por alumnos da titulación de filoloxía galega da Universidade de Santiago de Compostela nos anos 1995 e 1996, xunto cunhas poucas realizadas nos anos 1998 e 2000 (*Enq.1995-2000*), todas elas sobre 8 preguntas dun cuestionario común elaborado por nosoutros⁹. Completamos finalmente a análise de todos eses datos coa feita sobre o material procedente dun considerable número de gravacións realizadas en lugares espaxados por toda a xeografía galega.

2. Datos e mapas do *ALGa*

As cuestións 374 («acá, acó») e 377 («alá, aló») do *ALGa*, coma outras dos adverbios, están orientadas a comprobar a existencia dunha ou outra variante. Carecen por iso dunha frase tipo que nos dea un contexto igual para tódalas localidades; os entrevistados debían informar se recoñecían como propia unha ou outra forma, e non se descarta que na escolla influísen os contextos das frases que en cada caso lles ofrecían os enquisadores como exemplos ou das que no intre eles fosen quen de improvisar. Por esta razón, os datos destas cuestións do *ALGa* dan información valiosa sobre a consciencia do falante acerca das formas que considera características da súa fala, pero non permiten facer un estudo sobre a selección das variantes do sistema nos distintos contextos (*ALGa*: II 313, 315, 316); cómpre advertir de que existe un alto nivel de consciencia das formas típicas, que contribúen a definir como trazos identitarios a lingua da comunidade, pero nin son necesariamente as únicas formas de que dispón o seu sistema nin, por veces, as máis frecuentes no uso.


O mapa nº 1, elaborado por nosoutros a partir dos mapas do *ALGa*, ofrece a síntese desas respostas. Para unha correcta interpretación débese ter en conta que os símbolos principais tentan reflectir a escolla do falante, que polo xeral dá respostas únicas: *acó* e *aló*; *acá* e *alá*; *acó* e *alá*; de forma significativa, ningún escolleu o sistema híbrido *acá* e *aló*. Dous signos principais emparellados indican que o informante escolle dúas destas combinacións (sistema mixto). Os símbolos menores representan respostas secundarias que se unen ás anteriores, formas illadas que o informante engade como tamén posibles ou aceptables. A primeira ollada mostra un territorio dividido en dúas grandes áreas complementarias, pois en liñas xerais os falantes non teñen a percepción de dispoñer asemade de formas en *-ó* e *-á*, sexan estas sinónimas

9 A rede de puntos deste traballo de campo é aleatoria, porque a enquisa foi concibida como base dun traballo académico que cada estudante podía realizar nun lugar da súa elección, a falantes que cumprisen os requisitos establecidos tradicionalmente pola xeografía lingüística. Vaia o noso agradecemento aos informantes e, en primeiro lugar, aos alumnos que fixeron posible esta nosa reunión de datos nunha base colectiva. Nos capítulos que seguen móstrase a validez dos datos recollidos.

ou non: «área I», *acó* e *aló*, ao N dunha diagonal que vai da ría de Muros á provincia de Zamora; «área II», *acá* e *alá* ao seu S. Nunha segunda ollada, máis demorada, cobran especial relevancia os datos que rompen a descrición anterior e lle dan maior complexidade.

1. A área dominada por *acó* e *aló* conta con illas de presenza de *acá* / *alá*, con forte tendencia a se faceren exclusivas, e mais con rexistros esporádicos de formas en *-á* (preferentemente *alá*) salferidas como opción secundaria:

MAPA Nº 1. Distribución de *acá/acó* e *alá/aló*. Datos do ALGa (1974-76)



a) En toda a fachada marítima entre A Coruña e a ría de Cedeira só C10 (Carnedo-Sada) concorda plenamente coa «área I»: coexisten *-ó* e *-á* en C4 (O Se-

queiro-Valdoviño); óptase por un sistema híbrido en C9 (Pontedeume) e C11 (Elviña-A Coruña), *acó* pero *alá*; as formas en *-ó* non se recoñecen como propias en C7 (Brión-Ferrol), C8 (Cervás-Ares) e C15 (Betanzos). Dos sistemas híbridos, así como daqueles que teñen como opción secundaria só *alá*, infírese que *acó* resiste mellor ca *aló* a presión das formas en *-á*.

b) A Costa da Morte tamén mostra signos de fragmentación, pois en C34 (Duio-Fisterra), unha zona relativamente próxima á «área II», só foron recollidas formas en *-á*; en C24 (Moraimo-Muxía) sorprende que a forma concorrente con *acó* e *aló* sexa *acá*.

c) Nesta «área I» hai outros rexistros que abundan na presenza esporádica de *-á*, case en exclusiva de *alá*. En L4 (Rinlo-Ribadeo) o informante engade *acá* a *acó* / *aló*; este e o de Muxía mencionado na alínea anterior son os únicos testemuños secundarios de *acá* en área de *acó*, que unha vez máis se mostra vizosa (cf. alínea a), supra). Non ocorre o mesmo con *alá*, que os informantes engaden non de raro a *acó* / *aló*, no centro-sur da provincia de Lugo e zonas coruñesas limítrofes, é dicir, nunha ampla banda da «área I» que bordea a «área II» (C26, Vilasantar; L20, Friol; L21, A Esperela-Baleira; L24, Guntín; L25, Costantín-Baralla; L35, A Pobra do Brollón). Sorprendentemente, o informante de L27 (Ouselle-Becerreá) rexeita como propias as formas en *-ó* (incluído *acó*) de tódolos puntos da contorna.

As formas en *-ó* alcanzan o límite oriental do territorio lingüístico galego, desde o Cantábrico ata a serra Segundeira, no norte da provincia de Zamora. En toda esta estrema oriental, o *ALGa* só recolle a concorrencia de *acá* en Le4 (Carracedo), un punto que reúne a dobre condición de ser o máis urbanizado da rede leonesa –e podería dicirse que de todo o límite– e o máis oriental do dominio abarcado. Todo indica que as formas en *-ó* teñen continuidade ao leste do territorio galegófono.

2. Na banda de contacto máis estreito entre a «área I» e a «área II» localízanse sistemas mixtos e sistemas híbridos (ambos semellantes aos descritos máis arriba para o golfo Ártabro), e sistemas en *-ó* coa forma secundaria *alá*.

No mapa nº 1 represéntase con dobre símbolo a concorrencia das catro formas; nalgúns casos os enquisados ofrecen información adicional que axuda a enfocar o problema do cambio lingüístico: en L31 (Taboada) conviven ámbalas opcións, aparentemente en pé de igualdade, *acó* e *aló*, *acá* e *alá*; en P2 (Ferreiroa-Agolada) dise que das catro formas, *acó* é desusada; en P11 (Dozón), non se di nada sobre a prevalencia entre as dúas de proximidade, pero si que *alá* é máis usada ca *aló*.

Noutros casos, recóllense sistemas híbridos ou sistemas mixtos deficitarios, a falta dalgunha das formas anteriores. O informante de C31 (Deixebre-Oroso) acepta por igual *aló* e *alá*, pero non recoñece como propias nin *acó* nin *acá*; e o informante de

C30 (Bembibre-Val do Dubra) privilexia *alá* sobre *aló*, que considera forma antiga en desuso, e di ter vixente un sistema *acó / alá (aló)*. Tamén é híbrido, no mesmo sentido, o sistema dado polo informante de L39 (Proendos-Sober), *acó / alá*.

Repárese no mapa nº 1 na frecuencia con que tamén se agrupan nesta banda de transición entre as dúas áreas os rexistros secundarios (marcados cos símbolos colocados como superíndices), sexan os de *-á* «na área I» (§ 2.1), sexan os de *-ó* na «área II», xa algo distanciados da área propiamente de contacto.

3. A «área II» móstrase moito máis uniforme, pois é total o dominio de *acá* e *alá*, con raros testemuños de *-ó*, e ademais en puntos de relativa proximidade á «área I». A máis afastada é a forma secundaria *aló*, menos usada ca *alá*, en P12 (Cambados); sorprenden menos, en cambio, *acó* xunto a *acá / alá* en P4 (Callobre-A Estrada), na beira sur do Ulla e por tanto en continuidade con *-á*, mais así a todo non lonxe da outra área, e *acó / aló* no punto secundario C45b (Baroña-Porto do Son), na beira norte do Barbanza, fronte ás formas en *-á* de C45 (Nebra-Porto do Son). As formas en *-á* alcanzan a estrema sur de Galicia en toda a súa extensión e continúanse en territorio portugués, onde hoxe as formas en *-ó* son descoñecidas¹⁰.

4. Os datos anteriores, e de forma máis probatoria os comentados en § 1.2, mostran que as formas en *-ó* están en retirada cara ao nordés, pois as formas en *-á* avanza ampliando nesa dirección o territorio en que son preferentes ou únicas; dito doutro xeito, os rexistros esporádicos de *-ó* na «área II» semellan testemuños conservadores, pegadas serodías dunha presenza de *acó* e *aló* outrora máis forte nestes lugares. En todo caso, mostran cal é a dirección territorial que leva este proceso de cambio lingüístico e permiten lanzar hipóteses sobre o territorio orixinario deste¹¹.

3. Datos de *Enq.1995-2000*

A segunda fonte de datos dialectais procede de enquisas realizadas no derradeiro lustro do século XX, polo tanto dúas décadas despois das do *ALGa* (1974-76); aínda no caso de se buscaren informantes vellos, estes serían os da xeración seguinte,

10 Valla como mostra que Houaiss só recolle *acó* como «diacronismo antigo» e remite a *aco*, que clasifica do mesmo xeito e define como «cá, para cá, de cá». En *aló* indica que se trata dun termo da mariña, adv. «para barlavento, para o lado onde sopra o vento». Non relaciona entre si ámbolos adverbios, aos que dá etimoloxías independentes.

11 No momento de redactarmos este artigo traballamos asemade na descrición destes adverbios no galego medieval. Podemos adiantar que nesa época hai rexistros de *-ó* tanto no galego meridional coma no portugués, o que avala a conclusión dunha retirada de *acó* e *aló* ata se faceren características das modalidades galegas setentrionais e orientais.

de modo que os datos obtidos deberían ofrecer a posibilidade de observar como evolucionaron as tendencias de cambio lingüístico que asomaban nos datos do *ALGa*.


Ademais, as oito preguntas do cuestionario permiten avaliar o uso en distintos contextos, por un lado a propia selección das formas en *-á / -ó* fronte á serie en *-í*, e polo outro a posible escolla de *-ó* ou *-á* segundo o significado. O primeiro asunto toca fundamentalmente aos adverbios de proximidade (*aquí / acó / acá*) a través de tres frases diferentes, unha favorecedora de *acó / acá* por ir nun contexto de desprazamento (6. «Ponte acó, xunto a min») e as outras dúas menos propicias para o emprego de *acó / acá* (7. «Non busques aí o martelo, que o teño acó comigo»; 8. «Desde acó non son capaz de o ver»). Outras cuestións tratan de indagar se o falante que emprega *aló* e *alá* fai a opción segundo o significado que lle outorga a cada unidade; os criterios explorados foron o ‘tipo de desprazamento’, ben ‘intra-local’ (3. «Anda por aló por Suíza desde hai anos»), ben ‘translocal’ (4. «Toda esa xente vai tamén para aló para ve-lo partido» e, indirectamente, 1. «Vémonos aló na casa da túa filla»), e o ‘maior ou menor distanciamento’ e ‘maior ou menor vaguidade ou extensión’ na localización (1. «Vémonos aló na casa da túa filla» e 2. «Isto vese mellor desde aló arriba», pero tamén 3 e 4, pois estas nocións e o ‘tipo de desprazamento’ son compatibles, non excluíntes); unha última pregunta sobre *aló / alá* examina o seu comportamento nun contexto de orientación con respecto a un referendo dado (5. «As vacas están para aló do río»).

Confirmando a información achegada polo *ALGa*, os datos procedentes destas enquisas obrigan a tratar por separado o relativo a *acó / acá* e a *aló / alá*. Ofrecemos a síntese das respostas *acó / acá* no mapa nº 2 e as de *aló / alá* no mapa nº 3. No primeiro tense en conta a presenza relativa de ámbalas formas (sempre *-ó, acó* e *acá* en pé de igualdade, normalmente *acá* con *acó* como secundaria e sempre *-á*; non temos constancia da opción *acó* con *acá* como secundaria); ofrécese ademais a recorrente resposta *aquí*, como forma única de proximidade (signo maior) ou en concorrencia con *acó* ou *acá* (signo en superíndice, á esquerda cando é máis forte). No segundo non se teñen en conta os ocasionais rexistros de *alí*; márcase a coincidencia nas respostas ás cinco preguntas, con *aló* ou *alá* como formas únicas e catro graos intermedios entre ambas (isto é, a porcentaxe que non é de *aló* corresponde a *alá*, non a *alí* nin a ‘sen resposta’).

1. As formas *acó / acá* do mapa nº 2 son moito menos abundantes cás de *aló / alá* do mapa nº 3, confirmando a tendencia a usar *aquí* no seu canto e, en consecuencia, a ampliar moito o uso desta forma en relación con *alí*. Na preferencia a favor de *aquí* nas dúas áreas do mapa nº 2 seguramente incide o feito de que os contextos dados na enquisa non son dos que máis favorecen a selección das formas *acó / acá*, mais os resultados cadran ben cos datos de frecuencias aducidos en § 1.3. *Aquí* concorre nun mesmo informante con *acó*, con *acá* ou de forma ocasional con ambas, sen que se aprecien diferenzas significativas entre a «área I» e a «área II»; aínda que o mapa nº 3

non o reflecte, nesos mesmos lugares dáse adoito *aló ~ alá* sen unha concorrencia equi-parable de *alí*. Ademais, moitos informantes optaron só por *aquí* nas tres cuestións e non poucos rexeitaron expresamente, como coñecidas pero non propias, as outras opcións.


MAPA Nº 2. Distribución de *acó/acá*. Datos de *Enq.1995-2000*



O cotexo co mapa nº 3 permite comprobar que nos mesmos lugares en que só se recolle *aquí* existen *aló ~ alá*, pero tamén que a presenza exclusiva de *aquí* é máis patente nunhas zonas ca noutras. É o que parece deducirse da forte concentración de

aquí nunha extensa rexión occidental que comprende o sur da provincia da Coruña e o norte da de Pontevedra, e tamén no circundo da Coruña e Ferrol, conformando unha área de ausencia de *acó* que amplía a fachada atlántica desde Malpica a Ortegá e se estende cara ao interior, aínda que *acó* resiste nas Mariñas; en menor medida, hai illas importantes de *aquí* en territorio lucuauriense, en especial nunha franxa no senso dos meridianos ao sur da capital luguesa. No demais, a relación *aquí* / *acó* na «área I» da Coruña e de todo Lugo é similar á de *aquí* / *acá* de Pontevedra (40% a favor da primeira), mentres que a relación *aquí* / *acá* se equipara en Ourense (50%): fronte a *aquí*, *acó* mantense mesmo mellor ca *acá*.

MAPA Nº 3. Distribución de *aló/alá*. Datos de Enq.1995-2000



2. Deixando á parte a resposta en *-í*, os falantes consultados reaccionan ante as preguntas só nun sentido, contestando ou ben sempre *acó* ou ben sempre *acá*, coa única excepción da Merca [Ou]. O dominio de respostas únicas mostra que non hai escolla entre *acó* e *acá* en función do sentido ou do contexto; tamén non parece que estes criterios influán en relación con *aquí*, se ben se percibe maior presenza de *acó* en «Ponte acó» ca nas outras frases propostas.

Nunha ollada demorada sobre a «área I» aprécianse datos ou tendencias que corroboran ou amplían os avanzados sobre os datos do *ALGa*. Así, confírmase a presenza de *acá* en Ferrol, pero con *acó* ao sur do golfo Ártabro; en Bergantiños, en cambio, emerxe no traballo de campo *acá* (Malpica). Tamén se confirma a presenza de *acá* nos mesmos concellos do sur de Lugo (en Carballedo, Ribas de Sil e Taboada, neste xunto con *acó* noutro falante) e pódese corrixir a incongruencia da información de Becerreá, onde se rexistra efectivamente a forma *acó* xeral na contorna. En suma, o cotexo cos datos cartografados no mapa nº 1 permite salientar que *acó* se emprega pouco, coma *acá*, fronte á extensión de uso de *aquí*, pero non porque avance nesta área o uso de *acá*; de feito, a estrema sur de *acó* con *acá* é moito máis clara e rotunda cá existente entre *aló* e *alá*.

Na «área II» atopamos unha situación semellante. Non hai pegadas nos mesmos lugares das formas en *-ó* sinaladas como excepcionais en § 2.3, mais si atopamos dobre resposta *acá / acó* no lugar, xa mencionado, de Corbillón-A Merca. Este dato, xunto cos rexistros esporádicos de *aló* en territorio ourensán, dos que falaremos a seguir, corroboran a apreciación de que, no seu repregamento cara ao norte, *acó* aínda segue formando parte do inventario dalgúns falantes meridionais conservadores.

3. A mancha de *aló* (mapa nº 3) é basicamente coincidente coa debuxada polos datos do *ALGa*, cunha liña que cruza o territorio desde a ría de Camariñas á provincia de Zamora, deixando ao norte un grande espazo en que predomina *aló* e ao sur outro en que esta forma non se rexistra case nunca. Con todo, no mapa nº 3 percíbense diferenzas significativas que cómpre ter en conta: por unha banda, *alá* mostra avances notables no SE da Coruña e, sobre todo, nas comarcas fisterrás; pola outra, a enquisa de campo permitiu detectar o uso minoritario de *aló* en informantes salferidos no bordo da «área II», no leste de Pontevedra e no norte de Ourense, falantes que teñen como forma habitual *alá*, pero, nunha ou outra resposta, recoñecen como posible asemade *aló*, que polo xeral cualifican de anticuada.

Ten interese especial a nova información sobre a presenza de *alá* na «área I»:

a) Corrobórase o dominio de *-á* no golfo Ártabro. A forma *aló* non foi escollida nunca polos informantes de Ferrol, Mugardos, Pontedeume, Paderne e Betanzos, e o

de Cabanas só a selecciona nunha ocasión («anda por aló»); en todo caso, a competencia de *alá* está no uso extensivo das formas en *-í*, que escollen na metade dos casos os informantes de Paderne, Betanzos e Pontedeume; o informante de Miño acepta como usuais en tódolos casos *aló ~ alá*. Ao norte deste espazo, a vacilación observada no concello de Valdoviño marca a transición coas falas mindonienses, onde é xeral *aló*.

b) Confírmase o retroceso das formas en *-ó* no territorio fisterrán, pois *alá* predomina en Muxía e, ademais de en Fisterra, é resposta única en Cee, Dumbría, Carnota e Muros. Un territorio continuo que amplía cara ao norte a «área II» debuxada no mapa nº 1 e deixa o concello de Muxía na transición entre as dúas áreas.

c) Podería dicirse, con reservas, que *alá* avanza tamén irradiando das cidades desta área, non só da Coruña e de Ferrol. Na comarca compostelá domina por completo, polo que a isoglosa entre ámbalas áreas se sitúa hoxe con toda evidencia ao norte e leste da capital; só un dos seis informantes do concello de Santiago emprega *aló* nunha das frases, «desde aló arriba». Salienta, sobre todo, o concello de Lugo, que semella unha illa de *alá* en medio da «área I»¹²; ora ben, sen descartar que se poida deber só á escolla de informantes pouco representativos, non podemos deixar de sinalar que *alá* está presente en distintos graos nos concellos da contorna, especialmente cara ao sur.

d) Confírmase tamén a presenza crecente de *alá* no centro-sur de Lugo e no SE da Coruña, onde xa se vía salferida como forma secundaria cos datos do *ALGa*. Nese tecido de alternancia parcial *aló ~ alá* atopan explicación os datos discordantes de Becerreá, só *alá* segundo o informante do *ALGa* e só *aló* segundo o destas enquisas. Ao cuantificarmos porcentualmente as respostas dunha e outra formas, obsérvase unha banda de solapamento en dirección SW → NE, con gradientes que van do uso exclusivo de *alá* ao uso exclusivo de *aló*. No sur da provincia, informantes (maiores) recoñecen as formas en *-ó* como propias da fala do lugar, polo xeral asociadas aos aínda máis vellos (vivos ou mortos), pero din que eles non as usan.

e) Obsérvase que tamén hai presenza secundaria de *alá* no N de Lugo (O Valadouro, Mondoñedo, Barreiros), no corazón da área mindoniense.

12 Non podemos nin pretendemos entrar en análises sociolingüísticas con tan poucos datos, pero non se pode esquecer que as cidades e vilas poden ser tamén punta de lanza de *-á* no seu circundo, apoiando cambios lingüísticos en favor de formas galegas pouco diferenciais respecto do castelán. Así, os tres informantes de Carballo usan *aló* e só un dos da vila vacila entre *aló* e *alá* ou prefere esta («vémonos aló ~ alá», «desde alá», «vai para alá»); pertence á vila de Malpica o único de catro que escolle maioritariamente *alá*; no Valadouro, *alá* aparece de forma ocasional a carón de *aló* na capital do concello, Ferreira («desde aló ~ alá», «anda por aló ~ alá»). Son poucos datos para presentalos como algo máis ca unha simple hipótese de traballo; en todo caso, non vale para explicar outros testemuños de *alá* salferidos na «área I».

En suma, a forma *alá* móstrase moi compacta na «área II» e todo parece indicar que se vai impondo, a expensas de *aló*, na «área I». Comentamos con anterioridade a súa progresión nos concellos fisterráns e da comarca compostelá; desprazándonos cara ao leste, vemos como se incorpora á «área II» a ribeira norte do Ulla: o informante de Touro escolle *alá* e o de Arzúa opta por igual entre *alá* e *alí*, pero ningún deles manifesta empregar formas en *-ó*; en Melide e, aínda máis ao norte, en Vilasantar, xunto ao uso xeral de *aló*, xorde «para alá do río». Na estrema oriental tamén hai diferenzas significativas, pois ao escoller *alá* o falante de Carballeda non podemos achegar testemuños de *aló* no leste ourensán.

Fronte á abundancia de ocorrencias de *alá* na «área I», raramente atopamos rexistros de *aló* na «área II»; con todo, é importante salientar non só o número destes testemuños esporádicos senón que estes se agrupan no primeiro chanzo dese tránsito gradual entre «só *alá*» e «só *aló*» a que nos referimos máis arriba. Na provincia de Ourense podemos aducir «vémonos *aló*» en Santa Marta de Moreiras-Pereiro de Aguiar (moi anticuado) e Gabín-Montederramo, «desde *aló*» en Sobreira-Vilamarín e «anda por *aló* ~ *alá*» en Oseira-San Cristovo de Cea; na de Pontevedra, «anda por *aló*» en Forcarei, pois non fai número a este respecto o rexistro de «vémonos *aló*» en Agolada, que forma parte da banda de transición entre as dúas áreas. Non hai respostas que confirmen directamente os rexistros esporádicos de Porto do Son, Cambados, A Estrada e Dozón testemuñados no *ALGa*, pero uns e outros son explicables do mesmo xeito.

4. Coma no mapa realizado cos datos do *ALGa* (mapa nº 1), hai unha ampla coincidencia entre a área de *acó* e a área de *aló*, se obviamos a dificultade de trazarmos o límite no territorio coruñés ocupado por *aquí / alá* ou *aquí / aló*. Afinando máis, o cotexo entre os mapas nº 2 e nº 3 mostra que a área de *acó* chega de maneira máis rotunda ao sur da provincia de Lugo, debido á ausencia de *acá* ao seu carón. En cambio, no centro e sur desta provincia (con exclusión da banda oriental), *aló* concorre con *alá*, que unhas veces se presenta como forma única (p. ex., nos tres informantes do concello de Lugo) e outras en distintos graos de frecuencia respecto de *aló*; en contrapartida, son varios os rexistros esporádicos de *aló* ao sur do canón do Sil e no nordés da provincia de Pontevedra, en distintas respostas.

5. Para valorar adecuadamente a evolución en favor de *alá* que se observa nos datos de *Enq.1995-2000* en relación cos do *ALGa* cómpre non esquecer que pasamos do que o falante cre que usa e que o identifica (*ALGa*) ao que di realmente ante os diversos enunciados propostos, de modo que unha resposta outrora única en favor de *aló* pode diversificarse agora en *aló* e *alá*. Por outro lado, é preciso valorar se a alternancia é nalgures propiamente contrastiva, é dicir, se pode deberse a usos específicos de cada unidade e non ser de todo libre.

En § 3.3 describimos a distribución xeográfica da alternancia *aló* / *alá* a partir do mapa nº 3; na táboa seguinte, que contén só os datos *alá* / *aló* das enquisas que non ofrecen formas únicas, podemos observar como responde o falante segundo o tipo de contexto do enunciado en que se insire o adverbio:

CONCELLO	1 Vémonos _		2 Vese desde _ arriba		3 Anda por _		4 Vai para _		5 Están para _ de	
Pantón (2)	alá		alá		alá		alá	aló	alá	
Baralla	alá		alá		alá		aló		alá	
Malpica	alá		alá		alá		aló		alá	
Taboada	alá		alá		alá	aló	alá		alá	
Forcarei	alá		alá		aló		alá		alá	
Muxía	alá		alá		aló		alá		aló	
Pontedeume	alá		alá		aló		—		alá	
Santiago de Compostela	alá		aló		alá		alá		alá	
Pantón (3)	alá		aló		aló		aló		aló	
O Saviñao	alá		—		alá		alá		aló	
San Cristovo de Cea	alá		—		alá	aló	alá		alá	
Pantón (1)	alá	aló	alá		alá		alá		alá	aló
Sarria	alá	aló	alá		alá		alá		alá	aló
Valdoviño	alá	aló	alá		alá		aló		aló	
Carballo	alá	aló	alá		—		alá		aló	
Miño	alá	aló	alá	aló	alá	aló	alá	aló	alá	aló
Outeiro de Rei	alá	aló	alá	aló	alá	aló	aló		alá	aló
Samos	alá	aló	alá	aló	aló		alá	aló	alá	aló
Agolada	aló		alá		alá		alá		alá	
Montederramo	aló		alá		alá		alá		alá	
A Pobra do Brollón	aló		alá		alá		aló		alá	
Pereiro de Aguiar	aló		alá		alá		alá		alá	
O Corgo	aló		alá		aló		alá		aló	
Barreiros	aló		alá	aló	alá		aló		aló	
O Valadouro	aló		alá	aló	alá	aló	aló		aló	
Mondoñedo	aló		aló		alá	aló	aló		aló	
Melide	aló		aló		aló		aló		alá	
Vilasantar	aló		aló		aló		aló		alá	
Láncara	—		aló		alá		—		aló	
Vilamarín	—		aló		alá		—		alá	
Sober	—		—		aló		alá		aló	

En primeiro lugar, resalta a infrecuencia con que os falantes que empregan ambas fan a equivalencia total, pois salvo o de Miño todos mostran preferencias ou exclusións nalgunha das frases. Ora ben, os datos non permiten destacar liñas xerais claras en relación con algún dos criterios posibles de diferenciación:

a) O número de respostas a favor dunha ou outra, no conxunto, é moi similar nos distintos contextos, así como tamén o número de respostas dobres. Apréciase máis igualación en 1 e 4 (relación de 1 : 1 ou case) e aínda en 5, e maior proporción de *alá* nos máis enunciados, particularmente en 2 (relación de 2 : 1); parece que o distanciamento e vaguidade, e o movemento intralocal, favorecen o uso de *alá*, mais sen dominio claro. Tampouco hai regularidade, pois nuns lugares contéstase con *alá* e noutros con *aló* á mesma cuestión: se ben en Malpica e Baralla empregan *alá* en 3 e *aló* en 4, en Forcarei e Muxía as respostas son as inversas; ou se ben Santiago e Pantón prefiren *alá* e *aló* en 1 e 2, as opcións son as contrarias en, por exemplo, Agolada e Brollón; as respostas *aló* ourensás corresponden a un só enunciado, pero diferente en cada lugar.

b) Mudan os lugares e os informantes, e con eles as súas escollas, sen conformar áreas uniformes, e entre uns e outros parece que hai opcións contraditorias. Así, por citar lugares próximos, que deberían partillar unha selección por significados similar, o informante de Acedre-Pantón escolle *alá* ~ *aló* só en 4 (movemento translocal: «Vai para aló»), o de Atán-Pantón responde aí con *alá*, pero escolle *alá* ~ *aló* en 1 e 5 (sen movemento: «Vémonos aló» e «Están para aló do río»), e o de Mato-Pantón usa *aló* en todas menos en 1; e, se analizamos os contextos en que persiste *aló* en Ourense, comprobamos que o de Vilamarín acepta *aló* só en 2 («Vese desde aló») e os de Pereiro de Aguiar e Montederramo só en 1.

c) Obsérvanse, así a todo, algunhas coincidencias, se ben non sempre do mesmo signo en tódolos lugares. No SE da Coruña, dentro da «área I», tanto en Melide coma en Vilasantar *alá* ocorre só no contexto 5 («Están para alá de»). No NE de Lugo, en plena área mindoniense, os informantes de Barreiros, O Valadouro e Mondoñedo coinciden no uso exclusivo de *aló* en 1, 4 e 5; os tres aceptan *alá* no contexto 3, o primeiro como forma exclusiva e os outros dous en concorrencia con *aló*; Barreiros e O Valadouro coinciden ademais en teren a dobre opción no contexto 2.

4. *Acó / aló nas gravacións*

A terceira fonte de información utilizada é un considerable número de transcricións de gravacións realizadas no derradeiro cuartel do século XX, localizadas nos nós

dunha fita rede que cobre o territorio lingüístico galego. Son textos orais procedentes de materiais do *ALGa* e de traballos académicos e monografías dialectais éditos e inéditos, na maior parte dos casos depositados no Arquivo do Galego Oral (ILG). A consulta directa das transcricións deunos un corpus de 1974 exemplos de *acó / acá* e *aló / alá*, aos que engadimos 572 do mesmo tipo de fontes tomados da base *TILG*; un total de 2546 unidades, das que 193 son de proximidade e 2353 de afastamento. Cremos que a representatividade do conxunto é moi ampla e significativa, pois o número de datos do noso corpus vén a ser o dobre dos reunidos polo dicionario de frecuencias de Bugarín (2007), que chega ata 1283 ocorrencias en total (96 de proximidade e 1187 de afastamento, § 1.3).

Estas gravacións foron realizadas entre os anos 70 e finais dos 90 do século pasado, pero a maior parte sitúanse nos anos 80, polo tanto entre a recolleita de campo do *ALGa* e a de *Enq.1995-2000*. Recollen mostras orais espontáneas de falantes que reúnen os trazos típicos dos traballos de xeografía lingüística e que, por iso, dan testemuños inestimables do uso real e irreflexivo nas diferentes localidades, complementando as respostas obtidas en enquisa directa, que implican adoito algún grao de reflexión e de consciencia lingüística. Nos casos problemáticos de coexistencia nos mesmos lugares de *-á* e *-ó*, o corpus de exemplos espontáneos posibilita precisar e completar a información respecto da frecuencia e motivación do dobre uso.

Coma no apartado anterior, damos por separado datos das dúas series (proximidade e afastamento). Os mapas nº 4 e nº 5 dan conta dos resultados obtidos, agrupados por concellos, consignando o número de ocorrencias de cada forma, *acá* e *alá* en negro, *acó* e *aló* en vermello. O mapa nº 6 dá a frecuencia relativa entre *aló* e *alá* en cada concello, marcando ou *aló* e *alá* como formas únicas, ou catro graos porcentuais intermedios. A análise dos tres mapas, tendo en conta a presenza / ausencia xunto coa frecuencia relativa, permite tirar as conclusións parciais que expomos a seguir.

1. *Acá* ~ *acó* son formas relativamente infrecuentes nos estilos e rexistros non formais recolleitos nas gravacións, en contraste coas recorrentes *alá* ~ *aló*. No noso corpus oral a proporción é de só un 7,6% de *acó* ~ *acá* por un 92,4% de *aló* ~ *alá*, porcentaxes que coinciden coas frecuencias relativas dos datos que achega Bugarín (7,5% por 92,5%; cf. § 1.3) e confirman de forma rotunda o que xa se mostraba en *Enq.1995-2000: aquí*, como forma xeral, instalouse no ámbito de *acó / acá* de modo moito máis forte ca *alí* no de *aló / alá*. Esta diferenza de incidencia das formas de proximidade e afastamento existe en tódalas variedades dialectais.

Dentro da súa escaseza, os datos confirman basicamente as liñas de separación de *acá / acó* deseñadas polas outras dúas fontes. Máis en particular, apoian a presenza viva de *acó* no sur de Lugo, ata a provincia de Ourense, fronte á maior penetración de

O corpus oral ofrece ademais información nova complementaria respecto do galego estremeiro, para o que só contabamos cos datos do *ALGa*. Os rexistros máis abundantes proceden da terra entre o Eo e o Navia e confirman tanto a menor frecuencia das formas de proximidade coma o dominio exclusivo de *acó* fronte á concorrencia de *alá* a carón da moi maioritaria *aló*, ben que en falantes de concellos veciños.

2. O mapa nº 4, con ter unha rede máis rala e falta de datos nalgunhas zonas interesantes, mostra unha vez máis a existencia de dúas grandes áreas, cunha liña divisoria que cadra coa debuxada no mapa nº 2.

Na «área II», de novo homoxénea, salienta o dato excepcional de Cambados, que vén autorizar outros testemuños illados de formas en *-ó* nesta parte da costa (§ 2.3), ben que de xeito moi minoritario. O treito é o seguinte:

Traball' aquí polo costado de San Visente, traball' aquí ó lado dos Aidos; que ñe chaman *acó* os Aidos, contr' as Pèdras Albas, polos mèsos, polo verde, polo baído (Fefiñáns-Cambados, informante nacido en 1925).


Tamén se comproba, unha vez máis, que *acó* non ocupa a «área I» de forma tan compacta e exclusiva, pero, así a todo, non se observa unha coexistencia de ámbalas variantes equiparable á de *alá* / *aló*. En efecto, a análise desta concorrencia confirma, en xeral, os datos de *ALGa* e *Enq.1995-2000*, no sentido de que a presenza de *acá* no interior da «área I» é escasa (7,5% en total). Agora ben, está salferida aquí e acolá (Moeche, Vilalba, Ribadeo, O Corgo), significativamente fóra das rexións de maior impacto da variación; nestas, en especial no golfo Ártabro, o corpus espontáneo ou non achega datos a prol de ningunha das dúas variantes ou estes apoian a firmeza da opción *acó*. Confrontándoo co mapa nº 5, advírtese que nesta mesma área a presenza de *alá* a carón de *aló* é moito máis acusada e vai desde 1 de 4 en Lugo (25%) ata 1 de 2 (50%) no territorio coruñés. Tamén desde o punto de vista da frecuencia relativa se comproba a resistencia a incorporar *acá* xunto a *acó* por falantes e en lugares en que *alá* aparece ao lado de *aló*: a proporción total de *acá* é do 6,5% en relación con *alá*, pero a de *acó* respecto de *aló* é do 11,5% (cfr Bugarín 2007: *acó* 9,9% respecto de *aló*, *acá* 5,4% respecto de *alá*).

3. As dúas áreas deseñadas no mapa nº 5 mostran tamén unha gran similitude coas obtidas para as formas de afastamento coas dúas fontes anteriores, en particular, polo menos a primeira vista, cos datos do *ALGa* (mapa nº 1).

Comezando pola «área I», ao delimitar o territorio de máxima expansión de *aló*, comprobamos o carácter fragmentario da Costa da Morte xunto co vizo de *-ó* en concellos fisterráns onde non se rexistrou ou se fixo de forma minoritaria no mapa nº 3 (Carnota, Muxía). No resto da provincia da Coruña e no corno NW de Pontevedra (As Cruces, Agolada) a liña de separación coincide de forma moi aproximada coas outras

dúas fontes. Na provincia de Lugo as formas *aló* só atanguen o límite sur no SE (Quiroga, en equilibrio con *alá*); ora ben, aínda que os rexistros esporádicos son de *alá*, non contamos con información dabondo para inferir a ausencia de *aló*, pois o mapa mostra un gran baleiro de datos para calquera das dúas opcións a ámbalas marxes do canón do Sil. As gravacións confirman a inclusión do galego estremeiro de León na «área I».


MAPA Nº 5. Distribución de *aló/alá*. Datos tomados de gravacións



Canto á «área II», confirmase o presenza exclusiva de *alá* nas Rías Baixas, a comezar pola ría de Muros e Noia, en toda a súa extensión. Faltan datos na parte oriental de Ourense con que precisar ou matizar a discrepancia entre os mapas nº 1

e nº 3 e definir mellor a liña divisoria entre as dúas áreas. Confírmase que o galego estremeiro do sur do territorio zamorano, coma o veciño de Ourense, forma parte desta área.

MAPA Nº 6. Distribución e porcentaxes de *aló/alá*. Datos tomados de gravacións



4. Ao norte desa liña de separación compróbase o uso de *aló*, pero tamén a forte presenza de *alá* nestoutro territorio. No mapa nº 6 reflíctese a distribución espacial de *aló* e a frecuencia relativa de *alá* nas mesmas localidades, que se mostra de xeito moito máis acusado

do que se podía percibir nos datos procedentes de *Enq.1995-2000*¹³. Tendo á vista os mapas nº 5 e nº 6, o contraste entre *aló* e *alá* suscita as seguintes reflexións e conclusións:

a) A maior concentración de concellos que, neste corpus oral, só presentan *aló* sitúase na dirección NE, e particularmente no galego de Asturias.

b) Confírmase a existencia dunha área de *alá*, como forma única, rodeando o golfo Ártabro.

c) Ese espazo mariñán configúrase como o extremo norte dunha ampla banda en que predomina *alá* fronte a *aló* e que conecta a pequena área ártabra de *alá* coa que chamamos «área II». No norte esténdese polo oeste ata a costa de Carballo, en Bergantiños, e polo leste ata a ría de Cedeira; no sur, desde a comarca compostelá e a Ulla ata a conca do Miño, ocupando o bordo W da área lingüística lucense. Semella que a grande «área *aló*» vai camiño de fragmentarse dun xeito típico nos procesos de cambio lingüístico e por iso ben coñecido da estratigrafía lingüística, cunha innovación central que deixa a primitiva solución ás súas beiras, separadas por unha isoglosa nítida ou, adoito, en gradientes: dunha banda o occidente coruñés; da outra o territorio mindoniense e a maior parte do lucense, xunto cos limítrofes polo leste.

d) No NW da Coruña (sobre todo oeste de Bergantiños, Terra de Soneira e Nemancos) predomina *aló*, aínda que con signos de fragmentación. O galego mindoniense (se exceptuamos a costa máis occidental, marcada pola ría de Cedeira) tamén se caracteriza polo dominio de *aló*, aínda que a maior parte dos concellos presenta a concorrencia variable de *alá*; a distribución xeográfica e/ou o escaso número de rexistros de *-á* non permiten describir áreas. No galego lucense, *aló* só predomina en parte do territorio, pois hai que excluír tanto a banda limítrofe coa Coruña e Pontevedra (que forma parte do corredor descrito na alínea anterior) coma toda a banda sur, onde falta ou é moi minoritaria.

5. No estudo da repartición de *aló* / *alá* na «área I» quedou á marxe a cuestión dunha posible diferenza de significado ou de uso entre estas dúas formas. Desde o punto de vista dialectal, os datos apuntan a que *alá*, forma en expansión, colleu máis alento nuns lados ca noutros, e a que, polo tanto, na coexistencia actual a escolla de *aló* ou *alá* non se debe primariamente a diferenzas de significado ou de construción entre estas formas.

Mais cómpre dar un paso máis e examinar se a diferenza de uso é realmente aplicable en lugares con presenza importante de *alá* a carón de *aló*: parece razoable

13 Téñanse presentes, con todo, os datos absolutos contidos no mapa nº 5, porque nalgúns concellos marcados co 100% só se obtivo unha resposta.

conxecturar que cando a frecuencia de *alá* é moi baixa, como ocorre no concello de Vilalba (12 ocorrencias de *alá* [6,4%] por 176 de *aló* [93,6%]), aquela non se debe a diferenzas no significado ou nas construcións; en efecto, os 12 rexistros de *alá* aparecen en contextos e con sentidos iguais aos que presenta *aló* en moitos outros exemplos. Como representativos de zonas diferentes escollemos concellos distanciados entre si e repartidos por toda a «área I»: Cedeira (11v *aló* / 6v *alá*), Vimianzo (8v *aló* / 6v *alá*), Antas de Ulla (25v *aló* / 27v *alá*) e O Saviñao (8v *aló* / 36v *alá*).

En Cedeira, as 11 ocorrencias de *aló* corresponden a tres gravacións diferentes de Cervo, Chímparra-Cervo e Cordobelas-Esteiro; os 6 de *alá* proceden dunha gravación tamén da parroquia de Esteiro, pero do lugar da Laboreña, e 5 deles aparecen no mesmo anaco:

Despòs fomos pa *alá* [= Toledo], pos estuvemos *alá*, *alá* pos estuvemos ano e medio hasta que nos fixeron vir pa casa e el non, que aínda quedou *alá* bastante tempo [...].
Estuvo *alá* pos case dous anos.

A localización espacial, precisa (*Toledo*), é de ‘movemento translocal’ en *fomos pa alá*, pero de ‘repouso’ nos outros contextos; coinciden todos en que a localización pode contemplarse como moi afastada. A movemento translocal, pero con localización menos precisa e menos distanciada, corresponde estoutro exemplo:

No verano íbamos pouco á praia [...] apesar que nos quedaba moi cerca todo iso pos non íbamos *alá* moito.

O mesmo sentido de afastamento, mais con localización imprecisa, apreciamos en «xa pensaban qu’iba *aló* [= á guerra]» (Cervo); ora ben, hai outros exemplos con sentido de afastamento e localización precisa: «vállame san Andrés de Teixido, que se me ghana o pleito aquí en Cuba vou, heille de ir *aló* tódolos anos» (Chímparra). En definitiva, nin o trazo de ‘movemento’, nin o de ‘distanciamento’, nin o de ‘imprecisión’ ou ‘extensión’ determinan a escolla de *aló* ou *alá*, pois o falante opta por unha ou outra forma en contextos similares.

En Vimianzo recollemos só *aló* en Bribes-Vimianzo (1v) e en Cheis-Bamiro (3v), estes nun falante nado ao redor de 1950; en cambio o falante de Reparada-Salto, nacido por 1920, usa 3v *alá* e 1v *aló*; en Tufións-Cereixo o falante nacido ao redor de 1910 usa *alá* 2v e o nado en 1943 tres veces *aló* e 1v *alá*. Os datos dinnos, xa que logo, que o uso de *aló* / *alá* non se relaciona directamente coa maior ou menor idade do falante: *alá* pode ter máis presenza en persoas maiores ca nas máis novas, e isto a pesar de que outros datos apuntan a que *alá* é forma en expansión na «área I». Os falantes con *aló* e *alá* empregan a primeira forma en contextos de indeterminación

local, con frecuencia seguida doutros adverbios de lugar; agora ben, esta tendencia non é absoluta, pois tamén usan *alá* nese contexto, como o ilustran os seguintes exemplos, procedentes dun mesmo falante de Tufións, nado en 1943:

Aló marchou, anda, anda, anda [...]. E vai o home primeiramente inda foi indo ca corrientada, pero despois cando xa iba *aló* embaixo, capeaba, non, capeaba [...]. Logo xa iba un anaco anda, anda, anda, pero vío tres lobos *aló* lonxe.

E vai os omes anda, anda, anda e non chegaban á feira *d'alá* de riba.

Os datos do concello de Antas de Ulla proceden de lugares e falantes distintos, todos maiores, e veñen a confirmar que a idade non é criterio absoluto ou seguro para o uso de *aló* / *alá*. Os da parroquia de Areas (nados en 1917 e 1920) empregan só *alá* (3v e 9v respectivamente), así como o falante de Ermide-San Fiz de Amarante, nacido en 1907 (3v *alá*). En cambio, o falante de Amoexa (1918) usa *alá* (6v) e *aló* (9v), estes todos nun contexto en que fala da guerra, e polo tanto en localizacións, tanto con movemento coma sen el, que o falante puido querer expresar como moi distanciadas no espazo (ou mesmo no tempo), ademais de extensas e pouco precisas:

e leváronos pra *aló*, pra Cataluña todos, despós algús quedaron *aló*, que morreron [...] a el chamábanlle Jesús que era o máis vello e marchou *i-aló* fomos xuntos *i-aló* quedou no Ebro.

Pero tamén aparece *alá*, con e sen movemento, referido a unha época recuada e lugares moi distantes, mesmo extensos e pouco precisados:

eu estiven *alá* en..., na provincia de Gerona e traballaban naquela época con mulas e viñan compra-las mulas a Monterroso desde *alá* [...] no, despois eu víñenme e nunca *alá* volvíñ [...] e desían que se comía mui ben *alá* [=África].

Tamén en Lebesende-Queixeiro recollemos *alá* (6v) e *aló* (16v), en falantes nados en 1906, 1907, 1915 e 1922. A informante nada en 1915 alterna *alá* (5v) e *aló* (10v): os exemplos de *aló* van acompañados de localizacións espaciais e temporais, respecto das cales o adverbio achega, a maiores, o trazo de 'distanciamento', mesmo como recuado no espazo (ou no tempo) e extenso ou pouco preciso; en calquera caso, a falante usa tamén *aló* en contextos en que non se aprecia diferenza con outros semellantes en que, en condicións similares, opta por *alá*:

non era como cando eramos mozas que nos xuntabamos un montón delas *aló* na aldea e veña contar contos e veña beilar [...] e nós atopámono-las dúas con dous mozos e viñemos vindo asta *aló* ó cruceiro do Salto [...] e fun facer alí a unhas

chousas e por *aló* abaixo [...] e nin se foron deitar á casa siquera, dormiron por *aló* nas airas, palleiras [...] mira da outra vez estabamos na festa *aló* onda Chantada [...] pegou a correr *aló* de cara pola carretera cara a Orense [...] co conto do outro que escapou por *aló* arriba... [...] e *aló* onda Ponte Caldelas, habedes ter oído onde é A Ponte Caldelas.

as fillas queren que vaia onda elas a Betanzos, xúntanseme case as dúas, unha xa mata *alá* pró día seis de diciembre [...] aora os fillos que che teño *alá* en Barcelona dixéronme que este ano que tamén querían vir á miña matanza [...] pero van os mozos e esconderon a escada *alá* nunha leira de millo.

Parece, pois, que *aló*, cando compite con *alá*, se asocia con frecuencia a expresións en que vai seguido doutras localizacións, particularmente adverbiais (*aló arriba*, *aló lonxe*...), e aos sentidos de afastamento marcado e de localización imprecisa ou extensa, sen que os trazos de ‘movemento’ / ‘repouso’ teñan pertinencia; por outro lado, *alá* tampouco é allea ás mesmas características, de modo que pode alternar con *aló* nos mesmos contextos e cos mesmos sentidos. O factor idade, en troques, non semella xogar un papel directo e determinante.

O dito é aplicable en xeral aos datos procedentes do Saviñao, onde anotamos 8 ocorrencias de *aló* por 36 de *alá*. Varios dos exemplos de *aló* son similares aos mencionados anteriormente, mais non se percibe que *aló* sitúe a localización que o segue como máis recuada e imprecisa cá precedida por *alá*, que comparece nos mesmos contextos:

e dispois terminaban moitas veces de ir *aló* a San Sadurniño tamén [...]. —Mira, unha vez un tío meu foi ó moíño *aló* a, Barrantes lle chamaban, qu’ era un moíño que había *aló* no monte qu’ está no medio dunhas costas, nunha rega [...] según estaba ca neve marchabamos o [...], i e..., *aló* car’ ó monte, [...] ibámosche ás romarías, ás ruadas *aló* lexos a Usende, á Retorta e por eí èses sitios.

pegaron a correr detrás dil e chegaron *alá* a Barrantes [...]. —Moitas non hai, *alá* arriba por baixo da Fonte da Virgen [...]. Outr’ *alá* no Valiño, tireill’ e fúna seghindo... [...] i ese seghía por eí logo ib’ *alá* ó campo das poutas, á chousa que foi da [...]. A merenda era antes da cena; ibamos *alá* ó monte e traíannos a merenda.

Neste mesmo concello contamos cun exemplo de *acó* e outro de *acá*, en contextos semellantes e en alternancia con *aquí*:

Trai esa vara gorda, prás gordas vale, traina pr’ *acó*, traina pr’ *aquí* / Tiram’ un rodelo pr’ *acá*.

5. Conclusións

1. Os datos dialectais permiten establecer sen marxe de dúbida que no galego moderno existen dúas áreas. A liña que parte as dúas vai da Costa da Morte á serra Segundeira (Zamora), cruzando Galicia de NW a SE: ao norte dela sitúase a «área I», caracterizada por *-ó*, e ao sur a «área II», caracterizada por *-á*. O seu trazado é coincidente no básico para as formas de afastamento (*aló, alá*) e de proximidade (*acó, acá*).

Tamén coinciden no trazado as tres fontes de datos consideradas, mais, así a todo, obsérvanse indicios dun desprazamento en dirección norte da liña de máxima difusión das formas en *-ó*, nomeadamente *aló*. A Costa da Morte está en situación fragmentaria, con datos que apuntan a un retroceso no uso das dúas formas en *-ó* cara ao norte, que se une a outras recesións observables en Bergantiños e na comarca compostelá. No SE coruñés tamén se percibe un desprazamento cara ao norte que conecta co visible no territorio lugués contiguo, ata a conca do Miño. E na banda sur de Lugo aprécianse gradientes que van do uso exclusivo de *alá* no SW ao uso exclusivo de *aló* (dirección NE), con perda de territorio meridional en que *acó* segue mantendo a primacía.

A situación das formas de proximidade é semellante, pero distinta, da das formas de afastamento, segundo mostran os datos tirados das gravacións e os obtidos nas enquisas de campo para distintos contextos de uso. As diferenzas entre ámbalas series resúmense en dous trazos: (a) *acá* e *acó* son menos frecuentes ca *alá* e *aló* nas dúas áreas, ao punto de haber informantes que non se recoñecen en ningunha daquelas, pois *aquí*, que compite con elas, é usada adoito de forma extensiva no seu canto —mesmo creando espazos exclusivos—, cun vizo e unha frecuencia moi superior á de *alí* respecto de *alá* e *aló*; (b) o avance de *-á* na «área I», debido quizá ao novo alento que cobra *alá*, é mínimo, pois *acá* apenas se rexistra nela. Este e outros datos confirman que, na súa infrecuencia, *acó* resiste mellor ca *aló* os renovados azos das formas en *-á*; como tal, a cartografía amosa que no leste a liña de máxima difusión de *acó* acada o Sil, mentres que *aló* cede fronte a *alá* no sur de Lugo.

Internamente, as dúas áreas son diferentes. A «área II», compacta, mostra de xeito uniforme o dominio de *-á*, pois son rarísimos os rexistros de *acó* ou *aló*, illados, en frases soltas, de falantes excepcionais, marcados polo arcaísmo (segundo os propios informantes). En cambio, a «área I» non é tan compacta: caracterízase pola presenza preferente de *-ó*, a forma que os falantes identifican como propia e que os datos de campo mostran moi vizosa, pero as distintas fontes revelan unha concorrencia desigual de *alá* (raramente *acá*), con maior alento e frecuencia nuns puntos e zonas ca noutros.

A distribución espacial das porcentaxes relativas da concorrencia de *alá* na «área I» permite enxergar diferenzas territoriais: gradientes na dirección NE, maiormente no espazo lugués, co galego eonaviego como mellor expoñente do predominio de *aló*; rexións que parecen mostrar procesos de cambio, co eixe atlántico como corredor tamén lingüístico, deixando ao oeste o galego coruñés occidental e ao leste o mindoniense e lugués; existencia de pequenas zonas en que *alá* é forma única, entre as que destaca, pola extensión e demografía, a fachada marítima do golfo Ártabro.

2. A convivencia entre as series *-á* e *-ó* nos mesmos lugares e falantes, existente case en exclusiva na «área I», non corresponde a unidades diferenciadas, senón á coexistencia de variantes só formais.

Na proximidade, *acó* e *acá* moi de raro se empregan xuntas, e a extensión de *acá* dentro da xeografía de *acó* é moi escasa; non hai posibilidade de atopar algún tipo de contraste de uso entre unha e outra.

No afastamento, *alá* comparece na «área I» en distintos graos de intensidade con *aló*. A información achegada por *Enq.1995-2000* exclúe o uso en relación con trazos semánticos ou sintácticos, pois non cabe establecer correlacións: as respostas dos falantes non permiten conformar áreas uniformes e ademais nuns lugares contéstase con *alá* e noutros con *aló* á mesma cuestión, con opcións mesmo contraditorias. Todo o máis, hai en xeral un lixeiro aumento de *aló* nas cuestións 1 e 4, ligado polo tanto, directa ou indirectamente, ao movemento translocal (1. “Vémonos aló”, 4. «Vai para aló»); poden apreciarse tamén coincidencias nalgúns lugares, pero non sempre do mesmo signo.

Tampouco os datos procedentes das gravacións van na dirección dun uso diferenciado seguindo trazos semánticos ou sintácticos particulares. Así resulta tanto da carencia de frecuencias estables e similares de *alá* / *aló* ao longo do territorio galego, coma do exame dos rexistros correspondentes aos concellos tomados como representativos dun uso relativamente amplo das dúas formas. Resalta, sobre todo, que, fronte ao que asomaba nas enquisas, a asociación con ‘movemento’ ou ‘repouso’ non conta en absoluto. Por outro lado, *alá* carece de limitacións e pode alternar con *aló* nos mesmos contextos e cos mesmos sentidos; en cambio, *aló* semella asociarse sobre todo con expresións en que vai seguido doutras localizacións, particularmente adverbiais (*aló arriba, aló lonxe...*), e cos sentidos de afastamento marcado e de localización imprecisa ou extensa. Nos procesos de cambio lingüístico non é infrecuente que, en situacións de colapso do sistema ou de incorporación de novas formas ao seu inventario, se produzan especializacións diverxentes (individuais ou colectivas) entre as formas en litixio.

3. Impónse a conclusión, por tanto, de que a alternancia *aló* / *alá* que ocorre na «área I» é relativamente libre, sometida só ao maior ou menor peso alcanzado por *alá*, forma que compite cada vez con máis forza coa característica *aló*. É dicir, temos unha situación en que *alá* vai gañando terreo á conta de *aló*, e isto prodúcese de xeito máis acusado nuns lugares ca noutros, nuns falantes ca noutros. Cando a frecuencia de *alá* é alta, semella que *aló* tende a ir recuando cara a usos particulares coma os mencionados no apartado anterior.

En efecto, todo parece indicar que cómpre encarar *aló* como típica da «área I» e *alá* como forma expansiva. Por un lado, os falantes enquisados para o *ALGa* recoñeceron como forma propia *aló* en moito maior medida do que resultou do seu uso recollido nas gravacións. No sur da provincia de Lugo, algúns informantes mencionaron as formas en *-ó* como propias da fala do lugar, polo xeral asociadas aos máis vellos ou aos de antes, por máis que eles xa non as usan. Por outro lado, percíbese ben que *acó* domina case completamente na «área I», salvo a illa da comarca ferrolá, e que *acá* asoma esporadicamente como competidora recente. Apoiaría esta extensión de *-á* a zonas de *-ó* o feito de que Babarro recolla tamén o tipo *alá* (2003: 439-440) no propio galego de Asturias, caracterizado outrora por outros autores como só de *-ó*¹⁴; con todo, o rexistro de *alá* podería deberse a unha recolleita máis extensa e sistemática. Mais por iso mesmo ten valor probatorio do recuamento de *aló* o feito de que no seu amplo traballo de documentación Dubert (1999) só rexistre *alá* no concello de Compostela, en que con anterioridade se recolleron *acó* e *acá* e *aló* e *alá*. Os raros testemuños de *-ó* na «área II», os máis deles en puntos de relativa proximidade á «área I», indican tamén unha retirada de *-ó* en favor de *-á*.

Tendo en conta os datos desde a década do 70 a hoxe, o proceso non parece tanto de desprazamento da franxa de separación das dúas áreas, no sentido dunha perda progresiva e completa de *aló* nas lindes coa «área II» (*vid. supra*), senón de cada vez maior visibilidade de *alá* nuns sitios e noutros, ben que incluídos neles os próximos á zona dominada por *-á*.

A pesar deste desprazamento progresivo xeral, importa sinalar que os datos das gravacións examinados non apuntan a que a idade do falante xogue un papel directo e determinante para unha maior ou menor presenza de *alá* nos textos recollidos nunha determinada localidade: falantes de menos idade poden presentar maior frecuencia de *aló* ca outros con máis anos.

14 Babarro menciona as formas *acá*, *alá* ~ *a(i)llá* e *acolá* ~ *aculá* xunto ás xerais *acó*, *aló* ~ *alló* e *acoló* ~ *acolló*, pero non localiza cada unha delas na rede de puntos nin nas áreas dialectais que determina. Nos textos propiamente galegos que achega só rexistramos 3 veces o tipo *alá*, por ningún de *acá*.

4. Diante da presenza constatada de *-á* na «área I», caben dúas explicacións diacrónicas compatibles no marco xeral da evolución das distintas variedades: (a) son testemuños de formas tradicionais que na deriva histórica foron quedando preteridas e que agora se manifestan de xeito residual ou cobran nova forza; (b) son formas importadas doutras variedades de galego ou do castelán. Como ocorre con moitos procesos de cambio, estas dúas explicacións non son incompatibles en termos xerais e non sempre resulta fácil saber en que casos concretos é correcta unha ou outra.

A existencia dunha área compacta de *acá* e *alá* na metade suroccidental suxire como hipótese que a outra área complementaria sería uniforme de *-ó* ata a expansión cara ao norte e leste das formas en *-á*. Os rexistros esporádicos de formas en *-ó* na «área II» e outros datos do uso porcentual na «área I» aboan a hipótese dun repregamento de *-ó* nesa dirección, pero non din nada sobre a antigüidade de *-á* na «área I». Datos de épocas anteriores, e particularmente medievais, contradín a suposición de dúas áreas estritamente complementarias, pois aboan *-ó* tamén no sur (confirmando a súa recesión) e *-á* no norte; así pois, un antigo e autóctono *alá* puido quedar latente ou minorado, polo menos nalgunhas partes da «área I», e rexurdir a partir dun certo momento ao abeiro de novas circunstancias e pulado por factores coma os que consideraremos máis adiante.

Hai datos que apuntan a un proceso de cambio a favor de *alá*, que viría apoiado pola coincidencia da forma castelá en *-á*; a presión da lingua dominante pode manifestarse favorecendo as formas propias do español (procesos de substitución) ou as formas galegas coincidentes ou máis próximas. Non é infrecuente que en situacións sociolingüísticas semellantes a forma galega diferencial adquira trazos minusvalorativos nos grupos sociais non concienciados (*-ó* como moi marcado, bruto, potente...), e en consecuencia medra a forma coincidente, sobre todo nos espazos urbanos. É un feito que, sexa cal sexa a explicación, *-á* domina arredor das cidades e dalgunhas vilas importantes (maioritariamente *acá* / *alá*, ou ben *acó* / *alá*). Para ese proceso de cambio –interno, aínda que apoiado pola lingua dominadora–, abonda con que a forma emerxente exista en variedades da mesma lingua, das que o falante pode ter coñecemento pasivo; naturalmente, as opcións de que este escolla a non diferencial *-á* son maiores se, ademais, esta existe dalgún xeito no seu sistema xeolectal.

Ao longo do estudo destacou a bisbarra que rodea o golfo Ártabro como unha área que, a pesar de estar no norte, está dominada por *-á*. Pois ben, esta rexión ten dúas características sociolingüísticas relevantes, que poden contribuír a explicar esta diferenza dialectal sexa no sentido do abandono de *-ó* en beneficio de *-á*, sexa no sentido da substitución de *-ó* por *-á*. Dunha banda, aquí é maior a presión do castelán ca noutros espazos xeográficos, como consecuencia da forte urbanización desde anti-

go e da chegada de continxentes de poboación non galega; doutra, dáse unha maior concentración urbana de continxentes migratorios internos, de distintas procedencias, que tamén favorece a expansión das variantes menos marcadas desde o punto de vista dialectal ou sociolingüístico. Ora ben, non hai que esquecer a posición desta bisbarra como cabeceira do eixe atlántico, que serve de valgada e corredor –tamén lingüístico– na dirección dos meridianos¹⁵; no mapa nº 6 advírtese que a través dese eixe está a piques de enlazar a comarca das Mariñas coas terras de Ordes e Santiago, esgazando a «área I». Mais esta explicación non vale para a incipiente fragmentación fisterrá, en hábitat rural ou de pequenas vilas, afastada historicamente das grandes vías de comunicación terrestres; neste caso, coidamos que os avances territoriais ou de status de *-á* hai que poñelos en conexión co ocorrido noutros espazos atlánticos situados máis ao sur (Porto do Son, Cambados...).

Referencias bibliográficas

- Acevedo y Huelves, Bernardo / Marcelino Fernández y Fernández (1932): *Vocabulario del bable de occidente*. Madrid: Centro de Estudios Históricos [incluído en DD].
- ALGa = García, Constantino / Antón Santamarina (drs.) (1990-): *Atlas Lingüístico Galego*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega, vols. I-V [I: 1990; II: 1995; III: 1999; IV: 2003; V: 2005].
- Álvarez, Rosario / Henrique Monteagudo / Xosé Luís Regueira (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez, Rosario / Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Babarro González, Xoán (2003): *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- Bugarín López, María Xesús (2007): *O galego fundamental: diccionario de frecuencias*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza/Instituto da Lingua Galega.
- Couceiro, J[osé] L[uis] (1974): *El habla de Feás*. Anexo de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. Santiago de Compostela: USC.
- DD = Santamarina, Antón (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios*. Versión 3. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- DRAG = García, Constantino / Manuel González González (drs.): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: RAG / Xerais / Galaxia.
- Dubert García, Francisco (1999): *Aspectos do galego de Santiago de Compostela*. Anexo de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. Santiago de Compostela: USC.

15 O corredor une Ferrol-Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo, cinco das sete cidades galegas e vertebrado todo o occidente galego.

- García, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. Santiago de Compostela: USC [incluído en *DD*].
- Hermida Gulías, Carme (2004): *Gramática práctica (Morfosintaxe)*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Houaiss, Antônio / Mauro de Salles Villar et alii (2001): *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva [versión electrónica].
- Muñiz, Celso (1978): *El habla del Valledor. Estudio descriptivo del gallego asturiano de Allande (Asturias - España)*. Amsterdam: Academische Pers.
- Normas* = Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: RAG / ILG.
- Pérez Sardiña, Xosé Manuel (1996): «Os adverbios absolutos de lugar. Achega semántica e dialectal», *Cadernos de lingua* 13, 89-104.
- Porto Dapena, José Álvaro (1977): *El gallego hablado en la comarca ferrolana*. Anexo de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. Santiago de Compostela: USC.
- Prieto, Laureano (1958): *Contos vianeses*. Vigo: Galaxia.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (1989): *A fala do Norte da Terra Cha: estudio descriptivo*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- Rodríguez González, Eladio (1958-61): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia.
- Saco Arce, Juan A. (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Imp. Soto Freire.
- Santamarina, Antón (1975): «El adverbio gallego. Estudio basado en el habla del Valle del Suarna (Fonsagrada, Lugo)», *Verba* 2, 59-106.
- Taboada Cid, Manuel (1979): *El habla del valle de Verín*. Anexo de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. Santiago de Compostela: USC.
- TILG* = Santamarina, Antón (dir.): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Imaxin [<http://www.ti.usc.es/TILG/>].